

El rey del baño

Ilustracións de Mark Chambers.
Susaeata

Juan xoga a ser un capitán pirata, e como é moi valente e xa é un neno grande, vai aprender a ir ao baño só.



Te quiero: (casi siempre)

Anna Llenas. Espasa

Dous nenos moi diferentes, Lolo e Rita, aprenden a xogar respectando as súas diferencias.



¡Se busca! Lili la liebre, ladrona de libros

Emily MacKenzie. Combel

Lili é unha lebre que ten unha adicción: a lectura. Le tanto que queda sen libros e decide entrar nas casas a roubarlos. Ese costume vólvese moi perigoso ata o extremo de roubarlle o seu libro favorito a un neno veciño.



Todos hacemos caca

Tarō Gomi. Blackie Books

Todos os seres vivos comemos, e por iso... todos facemos caca!




La sirena y los gigantes enamorados

Catarina Sobral. SM

Fermoso álbum ilustrado sobre unha lenda portuguesa que nos fala de dous xigantes, o mar e a montaña, que sempre foron veciños ben levados. Pero un día chegou unha serea, ambos namoráronse dela e se enfrontaron polo seu amor...

Unha excelente unión de lenda tradicional e ilustración creativa con formas xeométricas de cores, páxinas enteiras de cores e pequenos debuxos que atrapan a mirada.



A vaca que puxo un ovo

Andy Cutbill. Ilustracións de Russell Ayto. Patasdepeixe Editora

A vaca Marjorie andaba triste porque non se sentía especial, non podía facer pincharcarneiros nin as demais cousas que facían o resto das vacas, por iso as pitas argallaron un plan...



O xardín das Bolboretas

Laura Weston. Engaiolarte

As andanzas da Bolboreta Monarca lévannos de paseo pola natureza nun ir e vir que supón unha marabilliosa viaxe. Un libro despregable recomendado para as/os máis pequenas/os e tamén para as/os que non o son, constituíndo unha aposta estética e táctil de primeiro nivel.

Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

* Biblioteca Central Rialeda. Perillo

* Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz

* Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera

* Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda

* Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros

* Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós

* Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en **twitter @ biblOLEiros**

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 1025-2017



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Raiola de lecturas

Guía para nenas e nenos menores de 6 anos

Agora que se achegan as vacacións, desde as **Bibliotecas Municipais de Oleiros** agasallámosvos con esta guía formada por unha selección de títulos cos que vos podedes divertir e emocionar, co obxectivo de que pasedes momentos agradables coa lectura en compañía dos vosos pais, nais, irmáns ou outras persoas maiores.

Son algúns dos libros e DVD que hai nas bibliotecas municipais e que podedes levar en préstamo para as vosas casas. Nas distintas bibliotecas de Oleiros hai moitos máis, animámosvos a que nos visitedes, utilicedes o servizo de préstamo e goceades coa lectura.



Animais sons

Fhiona Galloway. Engaiolarte

Para os máis cativos da casa, un libro-xogo para explorar coas mans texturas e volumes.



La azotea

Laura Gamero. Ilustracións de Manu Callejón. La Tribu

A azotea é o lugar favorito da protagonista, onde leva a cabo grandes aventuras, postas de manifesto a través dunhas bonitas ilustracións.



Cancodriilo en Oleiros

Xabier López Mateos, textos; Javier Rey Feijoo e Silvia González Sánchez, ilustracións. Linteio

O castelo de Santa Cruz, o faro de Mera, Rialeda... acompaña a Cancodriilo e os seus amigos nesta excursión pola vila de Oleiros.



La casa de Tomasa

Phyllis Root. Ilustracións de Delphine Durand. Edelvives

A casa de Tomasa é pequena e cómoda, perfecta para ela e o seu gato. Pero acolle a toda a xente que chega e cada vez hai menos sitio.



Cinco minutos de paz

Jill Murphy. Kalandraka

Mamá Grande só quere uns minutos de paz e tranquilidade na súa bañeira. Pero a paz dúralle moi pouco, xa que os seus tres fillos teñen moita enerxía e fan demasiado barullo.



O cociñeiro Martiño

Iago López. Ilustracións de Macus Romero. Xerais


No palacio real andan a buscar un cociñeiro que saiba cociñar para o rei e para toda a xente ilustre. Martiño pensou que sería un bo posto para el e decidiu facer un biscoito para levalo a palacio. Pero na despensa de Martiño, os ratos deron conta de todos os alimentos, así que o cociñeiro precisou da axuda dos seus veciños.



Cuentos roídos

José Carlos Andrés. Ilustracións de Katharina Sieg. La Fragatina


Simenón é un rato pequeniño cunha fame insaciable, ata que un día atopa unha librería na que come tantos libros que se queda durmido e cando esperta... Que acontecerá?



Con Tango son tres

Justin Richardson e Peter Parnell. Ilustracións de Henry Cole. Kalandraka

Trátase da historia dunha parella singular de pingüíns barbicha que viven no zoo de Central Park en Nova York. Roi e Silo son dous pingüíns machos aos que lles gusta moito estar xuntos. Cando chega o momento de poñer un ovo e incubalo, Roi e Silo fan un niño, tentándoo cunha pedra... O seu coidador Rob Gramzay, vendo que isto se vai repetindo e vai aumentando a frustración da parella ao non conseguilo, dálles a oportunidade de incubar o ovo doutra parella do grupo que puxeran dous. E así nace Tango, que é o primeiro pingüín en ter dous pais. Unha entrañable historia coa que afianzar valores de igualdade e normalidade na adopción entre parellas de igual sexo.



O fío

Gracia Iglesias, texto; Rosa Osuna, ilustracións. Kalandraka

Divertido conto rimado que comeza coa inocente anécdota dun fío nunha chaqueta...

Kiwi, un paxaro máis ben raro

Susana Isern. Ilustracións de Rebeca Luciani. La Fragatina

Amosa a importancia de ser diferente e do afán de superación dos máis débeles.



Unha festa sorpresa

Pat Hitchins. Kalandraka

Un relato acumulativo e encadeado que, partindo dun personaxe inicial, vai sumando correlativamente outros actores ata un punto no que a orde se inverte e retorna ao principio da historia, para acabar reunindo a todos á vez.



El gran circo de los contrarios

Bruño

Fermoso libro con solapas no que os máis pequenos descubrirán os contrarios a través do maravilloso mundo do circo. Unha delicia para a vista e o tacto.



A mellor sopa do mundo

Susanna Isern, texto; ilustracións de Mar Ferrero. OQO

No medio dunha tormenta de neve varios animais buscan acubillo na casa de Tartaruga que, nese intre, ía preparar unha sopa...



Mi pequeño mar

Katrin Wiehle. Lóquez


Libro feito con papel reciclado e impreso con tintas ecolóxicas, que describe de forma sinxela a fauna e flora mariñas a través dunhas bonitas ilustracións.



Mis amigos

Taro Gomi. Blackie little books

Unha pequena nena vai aprendendo de todo aquilo que atopa sexa cousa, animal ou persoa. Hai un mundo cheo de cousas que aprender.



Monky

Dieter Schubert. Ekaré

Álbum sen texto, narrado maxistralmente con imaxes tenras que contrastan co tenso relato do paso do protagonista dun dono a outro, que remata cun feliz reencontro.



A pantufla de Celia

Concha Blanco. Ilustracións de Dani Padrón. Hércules

No andel dunha tenda vive unha pantufla con forma de vaca. Celia namórase dela e quere comprala mais hai un problema: a pantufla ten parella e véndense por xunto. Será Celia capaz de dar cunha solución?



O paseo do elefante

Hiroataka Nakano. Lata de Sal

Hoxe é un día fermoso e Elefante sae dar unha volta. Hipopótamo e outros animais queren acompañalo, pero subidos... ao seu lombo!



¿Quién compra un rinoceronte?

Shel Silverstein. Kalandraka

Conto con rima que expón dun xeito divertido e disparatado o interesante que sería mercar un rinoceronte como animal de compañía...



El ratón y la pelota roja

Petr Horáček. Juventud

Que é iso vermello e brillante que colga da árbore? O ratiño cre que é unha pelota, a toupá un globo e o coello unha bola. Ningún deles pode chegar a collelo só. Como o conseguirán?.



Os ratos da casa

Oli. Ilustracións de Natalia Colombo. Kalandraka

Uns roedores aventureiros chegan a unha casa. Buscan aloxamento, comida? Un conto rimado que, encadeando palabras, fará rir a toda a familia.

Rescate animal

Patrick George. Juventud

Convértete nun heroe. En cada páxina poderás rescatar un animal e devolveo ao seu entorno natural. Introducción divertida e sinxela sobre a importancia da protección dos animais.